

## TRES ASUNTOS MARIÑÁNS:

- 1— “O Berce”, ara romana de Vilacova.
- 2— “Afonso de Carvallido”, un “mercador” betanceiro do s. X V , cabecilla dos irmandiños.
- 3— A inscrición da Porta da Ponte Nova de Betanzos.

### ALFREDO ERÍAS MARTÍNEZ\*

#### 1.— “O Berce”, ara romana de Vilacova.

#### ACHADEGO E LOCALIZACION

Lat. 43° 10'17"N  
Long. 4° 35'55"W

No vran de 1978, subindo polas escaleiras que levan ó adro da capela de San Paio de Vilacova (concello de Abegondo, A Coruña) chamoume a atención ver á esquerda no valo unha pedra longa de cantería cunhos buxeiros e unhas graburas extrañas. Foi o meu primeiro contacto con esta ara romana que despois soupen que a xente lle chamaba “O Berce”. Polo que poiden saber, había pouco que a sacaran de diante da capela onde estivera dende que os vellos acordan. Por aquel tempo tamén a veu don Francisco Vales Villamarín que dou unha nota do achádego na Voz de Galicia do 16-XII-1978. Foi precisamente esta noticia a que de entrada fixo que o cura e veciños volveran a pedra ó seu anterior asentamento diante da capela, xusto á esquerda da porta, entrando, tirada ó longo da parede coa cara frontal para arriba e a cima cara a porta. Nese mesmo mes fixen varios viaxes dende Presedo até alí para poder debuxala. No 1983 foi levada ó Museo das Mariñas de Betanzos, e no 1984, retirouna o Sr. marqués de Loureda quen ó parecer é dono da capela e conseguintemente da ara. Non sei agora onde está.

Vilacova atópase no límite Sur das Mariñas de Betanzos que van subindo dende o nivel do mar até a planicie interior. Esta empeza xa na parroquia de Vizoño coa que Vilacova limita.

#### DESCRICION

A ara ten forma mais ou menos aproximada de paralelepípedo con 1,02m. de longo, 0,30m. de ancho polo medio e 0,28m. de gordo tamén polo medio. Divídese en tres partes ben diferenciadas, tanto de fronte como lateralmente. Na cara da cima ten un oco ou “focus” rectangular. A parte

\* Alfredo Erias Martínez é arquivista-bibliotecario do Concello de Betanzos.

frontal da cima, de 0,25m. de alto, está recorrida horizontalmente e de arriba abaixo por catro regos toscos. A parte frontal do medio está a un nivel algo mais baixo que as outras dúas e dende logo é a que mais nos interesa porque nela atópase o campo epigráfico e tamén un oco extraño que na superficie ten forma redondeada, mais no fondo ten forma de D. Este oco é evidentemente posterior á ara en si como o demostra o feito de que destruíu boa parte das letras da primeira e segunda liña. A lenda epigráfica desenrólase en catro liñas ou renglóns. Mais abaixo somente queda a parte inferior da ara ou “hincón”, irregular e destinado en orixe a ser metido na terra.

No que respecta á posible lectura da lenda, hai que dicir que da primeira liña, que debería corresponder ó deus ou deuses a quen se dedica a ara (1), somente queda o rastro da primeira letra. Nela é moi claro o trazo vertical e mais outro horizontal inferior que parece ter como unha continuación deica arriba que non acerto a saber se é o remate dunha L, a continuación dunha D ou simple erosión. De todos xeitos parécese unha L.

Na segunda liña, que de entrada pode ser continuación da anterior e/ou comenzo do nome do dedicante ou dedicantes, somente quedan as dúas primeiras letras. A primeira é sen dúbida un A, estando marcado ben fondo con relación ó resto das letras. A segunda, moito mais esvaída, parece noustante un L, sendo parecida á letra descrita na primeira liña.

A terceira liña, sen dúbida a que nos diría o nome de quen dedicou esta ara, móstrase escura e complexa polo moi erosionadas que están as letras, aínda que quedan trazos delas a todo o ancho. Da primeira letra apenas queda nada, pero parece probable un trazo vertical e logo dous perpendiculares, un encima e outro no medio: F.T,...? A segunda letra ou conxunto de letras, a pesar de estar mais remarcada resulta complexa. Presenta clara unha liña de arriba abaixo, lixeiramente curva e inclinada da que sal outra perpendicular cerca do seu remate superior, da parte de abaixo parecen saír dúas mais, unha mais longa que sube e outra pequena que baixa: V,...? A terceira letra aparece mais clara e dende logo semella un E. A seguinte volve a ser problemática. O primeiro que atopamos é unha zona difusa ancha e mais fonda que sigue a dirección vertical. Dela sal outra na parte de abaixo mais clara e curvada deica arriba da que parece saír outra fina que tamén se vai curvando e da que queda somente o rastro mais fondo do punzón. Xunto á parte convexa deste rasgo hai dous trazos horizontais e paralelos, mais adiante outro vertical e logo o que parece ser o remate dun R.

A cuarta liña, aínda que esvaída, está o suficientemente clara como para poder ver cinco letras: VOTO S

## INTERPRETACION

Deducir o conxunto da lenda é, den logo, difícil. Mais podería ser posible que as dúas primeiras liñas dixeran LARIBVS VIALIBVS na forma: L[ARIB VI] / AL[IBVS], Esta hipótese ademais de que parece coincidir con 3 letras, podería ser aceptable polo espacio que todas esas letras ocuparían.

Da terceira liña case non me atrevo a indicar nada, polo seu deterioro. Unicamente, se foran FV as dúas primeiras letras, podería quizais entenderse: F[AMILIA] V[ILAE]...

A cuarta e última liña está clara como xa se dixo. Unicamente pode extrañar que en vez de VOTUM S[OLVIT] apareza a forma VOTO S[OLVIT]. De tódolos xeitos, o sentido non varía.

Polo tanto esta é a lectura proposta:


L[ARIB] VI  
AL[IBVS]  
F[AMILIA] V[ILAE]...  
VOTO S[OLVIT]

E dicir: Ós Lares Viales [dedica esta ara] a Familia da Vila... en cumprimento dun voto.

A parte inferior ou hincón aparece moito mais irregular como corresponde á parte da era destinada a ser metida na terra.

Datar con precisión a ara é difícil de momento, mais debeu de facerse arredor do s.III dC. se

(1) Cagnat, R.: Cours d'Epigraphie Latine. Roma, 1964, p. 251-257.



"O Berce", ara romana de Vilacova.

nos atemos ás teorías mais baraxadas relativas á entrada do culto dos lares viales na Península (2).

Resumindo, esta é unha ara romana votiva, un altar ofrecido a unha divindade ou divinidades que probablemente son os lares viales, é dicir, os deuses dos camiños. Esta posibilidade, ademais de que parece casar cos rasgos de letras que quedan, teñen ó seu favor o feito máis que probable de que xusto por diante da capela de San Paio onde a ara se atopaba, pasa un camiño romano que moi ben poidera ser a vía número XX do Itinerario de Antonino ou camiño alternativo (3).

## FOLKLORE

Hai algo que de entrada chama a atención e é o feito de que a romería de San Paio, que se celebra o primeiro domingo de xulio, conócese tamén como a romería das cereixas (4). Nefeuto alí vén-dense as primeiras cestas de cereixas do ano e a esa romería vai a xente de moi lonxe, formando os romeiros ó longo do tempo un milladoiro nos altos de Ramil (5).

Estamos diante dun culto antigo cristianizado. En primeiro lugar, a data é moi significativa porque está cerca do solsticio de vran (21 de xunio). Arredor deste tempo fanse tamén as lumeiradas de San Xoan a noite do 23 de xunio de tanta raigame na nosa terra e que ten un santuario moi cerca de Vilacova no coto de San Xoan de Medela (6) en Paderne-Cesuras. O Cristianismo celebra tamén por estas datas unha das súas festas máis importantes: o Corpus Christi (7). E dicir que a “romería das cereixas entra de cheo neste manexo de grandes festas que teñen por base primaria a conmemoración da entrada do vran arredor dese día en que o sol está no ceo por máis tempo. É en último extremo unha festa ó sol, como fonte de vida, e á vida mesma.

E unha festa á abundancia que anuncian as primeiras cereixas. Detrás déixanse os meses da fame, maio e xunio, cando as uchas e as arcas quedan vacías. Diante están as segas e as mallas, a alegría, as festas do vran, a abundancia.

No arquivo parroquial de Loureda-Vilacoba hai 3 libros da Cofradía de San Paio. O primeiro empeza en 1620 e no primeiro folio volto, referido a ese ano, fálase da existencia da “Cofradía del Señor Sampayo”, asentada na “ermita de Sampayo” incluída na parroquia de Santo Tomé de Vilacova. E a época, polo tanto, da constitución da dita cofradía, pois fálase de que non ten ordenanzas aínda. A capela que está no “campo de Sampaio” no 1778 sufría importantes reformas (libro segundo, f.º 81 volto): “...Mas se le abonan mil y trescientos reales y un maravedí que entregó en dinero a Juan Paz, maestro de cantería y mampostería...” por “...construir la capilla mayor, con su arco de cantería y esquinales, respaldo de dicha Capilla, con dos tragaluces”.

Nos primeiros anos do s. XIX siguen as obras na capela, na casa do cura, faise o cruceiro, o “espolón” do adro por diante da capela, repárase a fonte do Santo (8), ponse unha campana, etc.

(2) “S. Lambrino afirma que los lares como divinidades latinas llegan de Roma al NW de la Península a comienzos del s. II y sirven como un medio de unión y de asimilación con los numina loci. Se produce de este modo un proceso de sincretismo entre la religión romana y la religión indígena que transcurre del año 19 aC. a finales del s. II. Una vez concluido este proceso, y al llegar el s. III surgen entonces numerosas dedicaciones a los Lares Viales”. Tomado de Bermejo Barrera J.C.: La sociedad en la Galicia Castreña. Santiago, 1978, p. 77.

(3) Este camiño que se sigue dende o Cruceiro en Presedo (Praesidium, campamento romano) por onde chega a ter uns 8 m. de ancho e se chama camiño real, despois de pasar a parroquia de Leiro chega ós Carris (quizais aluda a canales mineiros) de Vilacova e a esta capela, continuando pola marxe esquerda do río Mero á Ta, á Aroxa (según os profesores Millán e Monteagudo ven de arrugia, alusión a unha das maneiras de explotación mineira dos romanos), A Fraguíña, Os Abeneiros, A Carbeira, A Ribeira, O Tumbadorio, A Furoca (indicativo tamén de posible minería), O Sapo, Bordoedo, Bruma, ... En Vilacova, arrancando do camiño de que falamos está tamén o “camiño de covas” que entendo é un ramal e non a liña principal do camiño que ven de Presedo.

(4) As cerdeiras proceden, ó parecer, de Asia Menor e probablemente foron traídas á Península polos romanos.

(5) Os milladoiros tiñan que ver co culto a Mercurio como nos diñ os Proverbios (XXVI, 8). Taboada Chivite, X.: Etnografía galega. Vigo, 1972, p. 105. Da relación milladorio-Mercurio fala tamén S. Martín Dumiense (De correctione rusticorum, XVI). Bermejo Barrera ...p. 79-80. Mercurio na Galia era o nome, evidentemente collido de Roma, do deus dos camiños que en orixe pódose chamar Lug. Na etapa castrexa prerromana o culto a estas divinidades dos camiños sería propio dos grupos sociais dominantes, pero coa chegada dos romanos ó adoptar o nome de lares viales, van pasando a ser devoción das clases populares. Bermejo Barrera ...p. 77 e ss. En Vilacova a pervivencia do culto á ara no medio da masiva “romería das cereixas” e dos ofrecimentos a San Paio, indican unha pervivencia antiga deste carácter popular dos lares viales que dalgun xeito se manteñen na memoria colectiva ó considerar a ara como portadora de poderes máxico-curativos, integrada no rito xeral da romería.

(6) Vales Villamarin, F.: El marco del monte Medela. Programa de festas de S. Roque, 1978.

(7) Según Taboada Chivite ...p. 69, a festividade do Corpus Christi data do primeiro tercio do s. XIII.

(8) A existencia da Fonte do Santo dentro do culto a San Paio, recórdame a case totalmente destruída capela de San Paio de Tiobre (Betanzos) da que aínda hai pouco poiden ver en pe as paredes da parte do ábside, unha mesa de altar rudimentaria de pedra no medio e restos de pinturas murais (nesta mesa adívase un círculo dentro do que está unha cruz). A aparencia xeral desta zona da capela xunto cos contrafortes que aínda conserva e algunhas marcas nas pedras de cantería, fanme pensar que se trata dunha eirexiña románica, polo que en Tiobre habería dúas. Pois ben, un pouco máis abaixo deica o N. está tamén a Fonte do Santo na que se atopa servindo de lavadeiro un sepulcro que tipoloxicamente pode datarse arredor do s. XII. A xente di que alí estaba enterrado San Paio. Conven dicir que este santo foi natural de Albeos, Pontevedra, viviu do 912 ó 925 e collérono prisioneiro na batalla de Valdejunquera, levarón os musulmáns cautivo a Córdoba e matárono cando tiña 13 anos. O eco deste suceso chegou a toda Europa e neste contexto de loita convertiuse nun dos santos hispanos de maior devoción.

Pero de todas estas obras a que mais chama a atención foi unha datada en 1828 do libro 3º, f.º 35: “tambián se le admiten veinte y cinco reales que llevó un cantero por demoler el altar que se alzaba fuera de la ermita del Santo, según quedó mandado en el acto de la Santa Visita, los que dieron al maestro por cinco días que ocupó en demoler y dar cal en el sitio, haciendo allí un asiento”. ¿Qué altar era ese? ¿Estaría nel a ara romana de que tratamos e por eso o visitador ordenou destruílo? Pode que esta suposición sexa acertada (a idea expresouma don Francisco Rey Reboiras quen foi cura párroco de Vilacova e a quen lle debo os datos de arquivo que utilizo) e, polo tanto, sería a partir desta data cando a ara se puxo ó lado esquerdo da porta por fora.

Según don Fulgencio Rodríguez, home de idade que vive ó lado da capela, os romeiros no Berce: 1) sentábanse encima do oco frontal extraño en forma de D (9), que tumbada a ara queda para arriba, e deitábanse de espaldas tendo ó mesmo tempo os talóns metidos no “focus”; 2) despois de estar así un pouco, levantábanse e axoennlábanse diante da ara metendo os xoenllos no focus e estando así outro pouco. O rito do Berce había rematado. Pero hai aínda outra maneira e é a que me contaron unhas rapaces e mais o Señor Basilio, o home mais vello de Vilacova (10), e que consiste en poñer (soio cunha perna) o pe no “focus” e o xoenllo no oco frontal.

O Señor Fulgencio non sabe moi ben para qué se facían todos eses movementos. Supón que era para pedirlle algo ó Santo. O Señor Basilio dixo que se poñía a perna dese xeito para curala se tiña algún mal e poñíase, polo tanto, unha ou outra según a que estuvese enferma. Para a posición de estar deitado de espaldas os rapaces supoñían que sería para curar “os males da coluna”...

## AMBIENTE ARQUEOLÓGICO

Para rematar, e a modo de marco do ambiente arqueolóxico, quixera resaltar a existencia indudable na zona de minería antiga, romana con toda probabilidade e relativa á extracción de ouro fundamentalmente. Este feito vese moi claro: no “Pozo d’Ouro” no río Mero entre Leiro e Paderne; no monte do Tintín xunta Castro Maior en Vizoño e, aínda que un pouco mais lonxe en Abegondo, a “Cova de Bea”, explotación clásica romana do tipo da mina da Toca da Serra do Caurel (Lugo), pero mais pequena. Ademais hai indicios no monte Oural entre Vilacova e Vizoño; na Aroxa (de arrugia...) en Vilacova; quizais en Loureda, nome que recorda o río Lor do Caurel, etc.

Un mundo, polo tanto, no que se descubre o que xa se coñece para outras zonas: que os romanos buscaban metais preciosos e as vías e os seus movementos estaban axeitados á maneira de congueilos.

De Vilacova ás galerías mineiras do monte do Tintín vaise polo fondo “camiño de covas” e alí, dominando todo, está o Castro Maior. A función deste castro como ponto de dominio militar dos romanos explotadores de minas e de indíxenas é unha hipótese que merece terse en conta.



Capela de San Paio de Vilacova.

(9) Un oco parecido ten tamén unha ara da provincia de Ourense (en Couceiro, Paderne) dedicada ó deus Tutela, e que tamén se fixo con posterioridade á ara destruído en parte o último renglón do campo epigráfico. Menor Currás, M.: Otra ara al dios Tutela. Boletín Auriense, t. IX, 1979, p. 305-310. Don Francisco Vales Villamarín na nota de prensa de que se fixo referencia, decía do oco da ara de Vilacova (que tamén supoñía dedicada ós lares viales que sería feito para a bendición da auga e do lume no sábado santo, cousa que se facía fora da eirexa colocando unhas brasas sobre unha pedra e botando logo alí incienso: o oco sería o recipiente de brasas e incienso).

(10) Hai pouco tempo, o Señor Basilio morreu e dende logo recordoo con cariño. El era o que mais sabía da historia da parroquia, das súas lendas... A él me levaban tódalas preguntas. En Paderne (Cesuras) había tamén un home sabio que era o Señor Barrós con quen chegou a falar don Francisco Vales Villamarín. Son homes que arrastran detrás deles unha fonda tradición, unha maneira de conservar os mitos integradores da súa sociedade agrícola que en moitas manifestacións aínda ten rasgos ancestrais.